



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA SECCIÓN DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, COOPERACIÓN E MEDIO AMBIENTE

Ref. MA100/2023
Expte.: 202300004550

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA A LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS, DIRIXIDO AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO EXERCICIO 2023

D. VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que mediante Acordo da Xunta de Goberno n.º 22 do 9 de marzo de 2023, aprobáronse as Bases reguladoras do “Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas, dirixido as concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2023”;

Visto tamén que as citadas Bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 49, do 13 de marzo de 2023;

RESOLVO:

1º. Aprobar a **convocatoria** do “Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da provincia da Coruña, durante o exercicio 2023”, cuxas bases reguladoras foron aprobadas mediante Acordo da Xunta de Goberno n.º 22 do 9 de marzo de 2023.

2º. O Programa rexirase polas citadas **Bases reguladoras**, que foron publicadas no BOP núm. 49, do 13 de marzo de 2023, dispoñible en [“https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/13/2023_0000001701.pdf”](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/13/2023_0000001701.pdf), que desenvolven e complementan a normativa contida na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, texto consolidado publicado en el BOP núm. 150, do 10.08.2021, dispoñible en [“https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf”](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf)

3º. **O prazo de solicitude** iniciárase a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da Coruña do extracto da presente convocatoria, que se une como anexo a esta resolución, e rematará ás 14:00 horas do día 28.04.2023, tendo en conta que tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación da Coruña: <https://sede.dacoruna.gal/>.

4º. Notificar esta resolución, así como o extracto da convocatoria que se une como anexo, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que dictou o acto, ou recurso contencioso-

administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da Coruña ou de aquel no que teña o seu domicilio o recurrente, a súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza sa súa desestimación por silencio.

Todo isto sen perxuízo de que se exercite calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO (castellano)

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del “Programa de subvenciones para la limpieza de playas marítimas, dirigido a los ayuntamientos de la Provincia de A Coruña durante el ejercicio 2023”, cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de la Provincia de A Coruña que posean playas marítimas.

Segundo.- Objeto

La finalidad de este programa es la concesión de ayudas a los ayuntamientos de la provincia de A Coruña, en régimen de concurrencia competitiva, para el sostenimiento de los gastos de limpieza de las playas marítimas de su término municipal durante el período 1 de abril a 31 de octubre del 2023, considerándose como subvencionables los gastos de personal y de adquisición del material fungible necesario para su dedicación a la limpieza de las playas marítimas (vestuario, combustible, etc.), o, si fuera el caso, los de externalización de la prestación del servicio.

Tercero. Bases reguladoras

El Programa se regirá por las Bases reguladoras, que fueron publicadas en el BOP núm. 49, de 13.03.2023, disponibles en “https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/13/2023_0000001701.pdf”, que desarrollan y complementan la normativa contenida en la Ordenanza general de subvenciones y transferencias de la Diputación de A Coruña, texto consolidado publicado en el BOP núm. 150 de 10.08.2021, disponible en “https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf”.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 900.000,00 €, con cargo a la partida 0520/17222/46201 del Presupuesto ordinario para 2023. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 6.768,00 y un máximo de 33.840,00 €, estando previsto el abono anticipado del 50 % de las mismas.

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración de las solicitudes se basarán en la **superficie de las playas** objeto de actuación, según los datos que figuran en el Catálogo de playas de Galicia, facilitados por la Xunta de Galicia (https://experience.arcgis.com/experience/b5625a0f102649f1a44a6d28b9fbbcd3/page/page_14/) y la **población oficial** del ayuntamiento, según los datos del Instituto Nacional de Estadística (www.ine.es), de acuerdo con la tabla de valoración que figura en las bases específicas.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El **plazo de presentación de solicitudes** se iniciará a partir del día siguiente al de la publicación del presente extracto de convocatoria en el BOP de A Coruña, y finalizará a las 14:00 horas del día 28 de abril de 2023.

Séptimo. Plazo de justificación

El plazo de presentación de la documentación justificativa finalizará a las 14:00 horas del día 30.04.2024.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

ANEXO (galego)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do “Programa de subvencións para a limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da Provincia da Coruña, durante o exercicio 2023”, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

Concellos da Provincia da Coruña que posúan praias marítimas.

Segundo.- Obxecto

A finalidade deste programa é a concesión de axudas aos concellos da provincia da Coruña, en réxime de concorrência competitiva, para o sostemento dos gastos de limpeza das praias marítimas do seu termo municipal durante o período 1 de abril e o 31 de outubro de 2023, considerándose como subvencionables os gastos de persoal e de adquisición de material funxible necesario para a súa adicación á limpeza das praias marítimas (vestiario, combustible, etc.), e/ou, se fose o caso, os de externalización da prestación do servizo.

Terceiro. Bases reguladoras

O Programa rexirase polas Bases reguladoras, que foron publicadas no BOP núm. 49, do 13.03.2023, dispoñibles en “https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2023/03/13/2023_0000001701.pdf”, que desenvolven e complementan a normativa contenida en la Ordenanza general de subvenciones y transferencias de la Diputación de A Coruña, texto consolidado publicado en el BOP núm. 150, de 10.08.2021, disponible en “https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2021/08/10/2021_0000006222.pdf”.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 900.000,00 €, con cargo á partida 0520/17222/46201 do Orzamento ordinario para 2023. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 6.768,00 e un máximo de 33.840,00 €, estando previsto o aboamento anticipado do 50 % das mesmas.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración das solicitudes basearanse na superficie das praias obxecto de actuación, segundo os datos que figuran no Catálogo de praias de Galicia, facilitados pola Xunta de Galicia (https://experience.arcgis.com/experience/b5625a0f102649f1a44a6d28b9fbbed3/page/page_14/) e a poboación oficial do concello, segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística (www.ine.es), de acordo coa táboa de valoración que figura nas bases específicas.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iníciase a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no BOP da Coruña, e rematará ás 14:00 horas do día 28 de abril de 2023.

Séptimo. Prazo de xustificación

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará ás 14:00 horas do día 30.04.2024.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible desde a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.